



# BANDO DA ALCALDÍA

DON HÉCTOR MIGUEL MARTÍNEZ SÁNZ,  
ALCALDE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE AGOLADA,  
FAGO SABER:

## LIMPEZA DE PARCELAS

### A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SEGÚN :

A Lei 3/2007 de "Prevención e defensa contra os Incendios Forestais de Galicia",  
modificada en parte pola Lei 7/2012 de "Montes de Galicia", establece:

### Obrigas dos propietarios/usufructuarios das parcelas

«Artigo 22. Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter, procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa **antes do 30 de xuño de cada ano** e consonte os criterios establecidos por orde da consellaría competente en materia forestal.

**O prazo para a limpeza de parcelas será pois, en todo caso  
antes do 30 de xuño de cada ano.**

2. No suposto de incumprimento do disposto no número anterior, os entes locais, no caso do artigo 21 e nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, así como a consellaría competente en materia forestal nos restantes casos, poderán notificar, de oficio ou por instancia de parte, ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndoas da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas, se é o caso.

3. Se no **prazo máximo de quince días naturais** os citados titulares non acometen a xestión da biomasa, as citadas administracións públicas, consonte as atribucións competenciais definidas con anterioridade, **poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos** de xestión de biomasa, **repercutíndolles os custos ás persoas responsables** segundo o disposto no artigo 21 ter.

4. No caso de execución subsidiaria, **as persoas responsables** segundo o disposto no artigo 21 ter **están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos** ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execución subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión.

Para xeral coñecemento, o manda e asina  
o Sr Alcalde de Agolada a 18 de Maio de 2017.

**O Alcalde**